



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E O CONSELLO EVANXÉLICO DE GALICIA SOBRE ASISTENCIA RELIXIOSA EVANXÉLICA ÁS PERSOAS MENORES E MOZOS/AS INTERNOS/AS EN CENTROS DE INTERNAMENTO PARA A EXECUCIÓN DE MEDIDAS PRIVATIVAS DE LIBERDADE.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de conformidade co disposto no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e segundo o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

Doutra parte D. Antonio Pazos Couto con DNI nº 34899423M e D. Germán Collazo Fernández con DNI nº 36058690A, presidente e Secretario executivo do Consello Evanxélico de Galicia respectivamente, designados en reunión ordinaria da Asamblea Xeral desta entidade de 11 de marzo do 2023 para actuar en nome e representación da mesma, e estando expresamente facultados para a formalización do convenio de acordo co establecido no artigo 4 dos seus estatutos.

Ambas partes, con capacidade xurídica bastante e os representantes con poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar as súas representadas,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Constitución española garante no seu artigo 16 a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e das comunidades e establece que os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as conseguíntes relacións de cooperación coas confesións que subscribiron Acordos de Cooperación co Estado Español.

SEGUNDO.- A colaboración entre as autoridades competentes da Igrexa Evanxélica e do Estado para a atención relixiosa das persoas internadas está expresamente prevista na Lei 24/1992, de 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de Cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de





España de 28 de abril de 1992, que sinala no seu artigo 9 que se garante o exercicio do dereito á asistencia relixiosa dos internados en centros ou establecementos penitenciarios, hospitalarios, asistenciais e outros análogos do sector público, proporcionada polos ministros do culto que designen as igrexas respectivas, coa conformidade da Comisión Plenaria da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, en adiante FEREDE, e debidamente autorizados polos centros ou establecementos públicos correspondentes.

TERCEIRO.- A Lei orgánica 7/1980 do 5 de xullo, de liberdade relixiosa, dispón no seu artigo 2.3 que *"para a aplicación real e efectiva destes dereitos, os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para facilitar a asistencia relixiosa nos establecementos públicos militares, hospitalarios, asistenciais, penitenciarios e outros baixo a súa dependencia, así como a formación relixiosa en centros docentes públicos"*.

CUARTO.- A protección dos/as nenos/as aparece recollida no artigo 39.4 da Constitución española, na Convención sobre Dereitos do Neno de Nacións Unidas , de 20 de novembro de 1989, na Lei orgánica 1/1996 de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia así como as Regras das Nacións Unidas para a protección de menores privados de liberdade, adoptadas pola Asemblea Xeral na súa resolución 45/113 de 14 de decembro de 1990 (oficina do Alto Comisionado para os Dereitos Humanos).

QUINTO.- A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, dispón no seu artigo 56.1 que *"todos os menores internados teñen dereito a que se respecte a súa propia personalidade, a súa liberdade ideolóxica e relixiosa e os dereitos e intereses lexítimos non afectados polo contido da condena, especialmente os inherentes á minoría de idade civil cando sexa o caso."*

No artigo 56.2.d) da dita Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, recóllese o dereito dos menores internados ao exercicio dos dereitos civís, políticos, sociais, relixiosos, económicos e culturais que lles correspondan, salvo cando sexan incompatibles co obxecto da detención ou o cumprimento da condena.

Así mesmo, o artigo 39 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora de responsabilidade penal de menores, sinala todos os menores internados terán dereito a dirixirse a unha confesión relixiosa rexistrada, de conformidade co previsto pola lexislación vixente. De acordo co indicado no dito artigo a entidade pública facilitará que os menores poidan respectar a alimentación, os ritos e as festas da súa propia confesión, sempre que sexa compatible cos dereitos fundamentais dos outros internos e non afecte á seguridade do centro, e ao desenvolvemento da vida no centro.

SEXTO.- A Consellería de Política Social e Xuventude, través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, de acordo co establecido no artigo 14 do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro.

SÉTIMO.- A Comisión Plenaria da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España (FEREDE) en data 27 de xuño de 1996 aprobou unha modificación de





estatutos pola que se autoriza a integración na citada federación de Consellos Evanxélicos Autonómicos, constituídos como órganos dependentes da mesma para actuar, dentro do marco dos Acordos de Cooperación, en asuntos de interese autonómico que non sexan competencia doutros órganos de FEREDE.

O Consello Evanxélico de Galicia foi inscrito no Rexistro de Entidades Relixiosas baixo o número 017657.

O Consello Evanxélico de Galicia ten entre os seus fins, de acordo co establecido nos seus estatutos, o de representar aos seus membros ante autoridades autonómicas, provinciais e locais. En aras ao cumprimento dos seus fins, ten a facultade de subscribir acordos, convenios ou contratos de colaboración con todo tipo de entidades.

OITAVO.- Que ambas partes consideran necesario garantir o dereito á asistencia relixiosa dos/as menores fieis da confesión relixiosa evanxélica internados/as en centros para o cumprimento de medidas privativas de liberdade.

Por todo elo, co debido respecto á liberdade relixiosa e de conciencia e ao interese superior da persoa menor, tendo en conta a normativa citada, para facer efectivo o dereito á atención relixiosa dos/as menores e mozos/as internos/as nos centros de execución de medidas xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia, as partes subscriben o presente convenio con arregro ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

É obxecto do presente convenio regular as condicións para garantir no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia o dereito á asistencia relixiosa evanxélica dos menores e mozos/as internados/as nos centros de reeducación de medidas de internamento en réxime cerrado de Concepción Arenal (A Coruña), Monteledo (Ourense), Montefiz (Ourense) e Avelino Montero (Pontevedra) en base ao seu dereito á liberdade relixiosa.

SEGUNDA. *Contido da asistencia relixiosa*

A asistencia relixiosa evanxélica comprenderá as seguintes actividades:

- a) Celebración dos actos de culto nas festividades relixiosas e potestativamente calquera outro día.
- b) Visita aos/ás menores e mozos/as internados/as e/ou atención nun espazo axeitado polo/s ministro/os de culto aos/ás menores que desexen facer algunha consulta ou plantexar dúbidas ou problemas relixiosos.
- c) Instrución e formación relixiosa e asesoramento en cuestións relixiosas e morais.
- d) Aquelas outras actividades pastorais propias da Igrexa Evanxélica e as relacionadas directamente co desenvolvemento relixioso do/a interno/a.





TERCEIRA. *Compromisos do Consello Evanxélico de Galicia*

1. Designar ministros de culto debidamente acreditados polo Consello Evanxélico de Galicia responsables de impartir asistencia relixiosa evanxélica que poden desenvolver o seu labor asistidos por auxiliar/es de culto que colaborarán nas tarefas de asistencia relixiosa, actuando baixo a súa autoridade sen prexuízo de que os asistentes do seu equipo poidan pertencer a distintas denominacións evanxélicas. En todo caso a/as persoa/as responsable/s de impartir asistencia relixiosa axustará/n a súa actividade ao regulamentado pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e no seu caso ao establecido na cláusula segunda do presente convenio en colaboración cos servizos do centro correspondente, suxeitándose ao horario e disciplina do centro e aos principios da liberdade relixiosa establecidos na Lei orgánica 7/1980, de 5 de xullo, de liberdade relixiosa.

2. Corresponde ao Consello Evanxélico compensar á/as persoa/as ministro/s de culto da Igrexa Evanxélica nomeada/s para a asistencia relixiosa recollida neste convenio, se o centro queda distante, co gasto establecido para os desprazamentos.

3. Subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2006, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias no caso de incumprimento indicadas no artigo 4 da devandita lei.

CUARTA. *Cese na prestación da asistencia relixiosa nos centros de reeducación*

Os ministros do culto encargados da asistencia relixiosa evanxélica e, no seu caso, os auxiliares de culto cesarán nas súas actividades por vontade propia, decisión da autoridade relixiosa da que dependan ou a proposta da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Nos dous últimos casos se cursarán as comunicacións correspondentes entre a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e o Consello Evanxélico de Galicia.

QUINTA. *Compromisos da Consellería de Política Social e Xuventude*

Corresponde á consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica :

a) Facilitar que os ministros de culto responsables de impartir asistencia relixiosa e no seu caso os auxiliares de culto evanxélicos poidan asistir a cantos menores e mozos/as de cada centro o demanden a asistencia relixiosa evanxélica.

b) Proporcionar aos ministros de culto e no seu caso auxiliares que os asisten os medios necesarios para o desempeño da súa asistencia relixiosa provéndoos nos centros de espazos aptos para a atención personalizada e para o resto das actividades recollidas no presente convenio, de conformidade coa estrutura do centro e a súas necesidades.





c) Establecer un réxime de uso dos devanditos espazos para posibilitar o exercicio de dereitos no caso de coexistencia coa práctica doutras confesións relixiosas.

d) Velar para que a dirección dos centros actúe de conformidade co previsto neste convenio.

SEXTA. *Condicións económicas*

A execución do presente convenio non leva consigo contraprestación económica entre ámbalas dúas partes

SÉTIMA. *Información básica protección de datos persoais*

Ambas partes se comprometen ao cumprimento do establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril do 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación deste datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

OITAVA. *Publicidade*

Este convenio será obxecto de publicidade de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Convenios, de conformidade co Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA . *Comisión de Seguimento*

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de propostas de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e, con carácter previo aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude, dos cales un deles será nomeado presidente e dous representantes do Consello Evanxélico de Galicia, designados por cada unha das partes, así como os seus suplentes.



Actuará como secretario con voz pero sen voto, un/unha funcionario/ a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designado pola persoa que asume a presidencia, así coma a persoa que a supla.

A propia comisión acordará o seu calendario de sesións.

A dita comisión réxese polo establecido neste convenio e polas previsións que para os órganos colexiados se conteñen na Lei 40/2015 do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. *Vixencia*

O presente convenio de colaboración terá unha duración de catro anos dende a súa sinatura.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Modificacións*

Cando xurdan circunstancias concretas, debidamente xustificadas, que alteren as condicións establecidas no convenio de colaboración, poderá formalizarse unha modificación ao convenio de colaboración que requirirá acordo unánime das partes, logo dos trámites legais esixidos. Dito acordo que inclúa tal modificación, deberá incluírse como addenda ao convenio.

DECIMO SEGUNDA. *Causas de resolución*

Serán causas de resolución de este convenio:

- a) O mutuo consentimento.
- b) A súa denuncia por unha das partes, formulada con tres meses de antelación á data na que deba producir efecto.
- c) A celebración dun novo convenio entre as partes que o substitúa.
- d) Calquera outra causa prevista na lexislación vixente.

DÉCIMO TERCEIRA. *Consecuencias do incumprimento*

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio será causa de resolución do mesmo.

A parte incumpridora no terá que indemnizar economicamente á outra parte por incumprimento das obrigas do convenio e pola súa resolución, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.





DÉCIMO CUARTA. *Natureza xurídica e cuestións litixiosas*

O presente convenio de colaboración terá carácter administrativo , e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 para aclarar as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. .

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra a dita resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Poderá interpoñerse directamente recurso contencioso- administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de
Política Social e Xuventude

Polo Consello Evanxélico de Galicia

A Conselleira

O presidente

O secretario executivo

Fabiola García Martínez

Antonio Pazos Couto

Germán Collazo Fernández

